

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 27 DE FEBREIRO DE 2020

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 11:05 horas do día 27 de febreiro de 2020, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada pola presidenta o 21 de febreiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral  
D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno  
D. Rubeñ Peña Barceló (asiste ao punto 11a)  
D<sup>a</sup>. María José Loureiro Bada (asiste ao punto 6b e 10b)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de "Remodelación do enlace do P.Q. 5+000 da autoestrada AP-9V. Tramos: conexión estación intermodal-AP-9, túnel Lepanto-AP-9 e instalacións e balizamentos" (431-441)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descrición pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  1. APPLUS NORCONTROL, S.L.U.
  2. ATENEA, S.A.U.
  3. CIES ATLANTICO, S.L.U.
  4. ELE 31 S.L.U. - ALAUDA INGENIERÍA, S.A.
  5. INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 12:07	Páxina 1 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A447-CBAHEC-EBEF8H-8358RA-CXTUBC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

6. SEGURINCO, S.L.
7. SGS TECNOS

### **3.- Apertura administrativa e técnica/Apertura administrativa e económica/Apertura técnica e económica (emenda documentación persoal)**

#### **a) Procedemento aberto simplificado para o alleamento de efectos non utilizables (vehículos ao final da súa vida útil e material de chatarra) (13.981-445)**

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 20 de febreiro de 2020, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días a IMPORT. EXPORT. MARTINEZ SOUTO, S.L. para que emendase a documentación persoal. O citado licitador presentou a documentación requirida dentro do prazo concedido. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento a IMPORT. EXPORT. MARTINEZ SOUTO, S.L. por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- b) Solicitar informe ao servizo xestor de valoración das proposicións avaliáveis a través de fórmula abertas na sesión do 20 de febreiro de 2020.

### **4.- Apertura da documentación técnica**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de "Remodelación do enlace do P.Q. 5+000 da autoestrada AP-9V. Tramos: conexión estación intermodal-AP-9, túnel Lepanto-AP-9 e instalacións e balizamentos" (431-441)**

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliábel mediante xuízo de valor" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

### **5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliáveis mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación do servizo necesario para o mantemento e soporte de aplicacións propiedade do Concello (2020-2025) (8.952-113)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador presentado e admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica o 18



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 12:07	Páxina 2 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A447-CBAHEC-EBEF8H-8358RA-CXTUBC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



de febreiro de 2020 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*” que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

**b) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do Programa Municipal de Educación Básica de persoas adultas (23.910-332)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador presentado e admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado polo técnico medio de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación o 19 de febreiro de 2020 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*” que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

**6.- Apertura económica**

**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo necesario para o mantemento e soporte de aplicacións propiedade do Concello (2020-2025) (8.952-113)**

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C “*Proposición avaliable mediante fórmula*” do licitador presentado e admitido co seguinte resultado:

	Licitador	% de desconto único prezos unitarios	Bolsa de horas adicionais		
			Bolsa de horas adicionais de programadores	Bolsa de horas adicionais de Analista	Bolsa de horas adicionais de Xefe de proxecto
1	IMATIA INNOVATION, S.L.	10%	181	43	18

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

A Mesa comproba que a oferta presentada polo licitador non contén valores anormais e acorda, en aplicación do disposto na cláusula 16.3 do PCAP (“*As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas anormalmente baixas de acordo co establecido na cláusula 18 deste prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula*”) outorgarlle a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula:

	Licitador	% de desconto único prezos unitarios	Bolsa de horas adicionais		
			Bolsa de horas adicionais de programadores	Bolsa de horas adicionais de Analista	Bolsa de horas adicionais de



	Licitador	% de desconto único prezos unitarios	Bolsa de horas adicionais		
					Xefe de proxecto
1	IMATIA INNOVATION, S.L.	25 puntos	15 puntos	5 puntos	5 puntos
<b>Total</b>					<b>50 puntos</b>

Tendo en conta a puntuación outorgada a este licitador pola súa proposición avaliable mediante xuízo de valor, a puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	IMATIA INNOVATION, S.L.	50 puntos	50 puntos	100 puntos

**b) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do Programa Municipal de Educación Básica de persoas adultas (23.910-332)**

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do único licitador presentado e admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo sen IVE	Impartición de actividades complem. de carácter mensual dentro do horario lectivo (punto 7.2.b do PPT )	Impartición de actividades extraesc.men suais fóra do horario lectivo (punto 7.2.b do PPT)	Impartición de cursos anuais específicos de formación de persoal, de duración igual ou maior de 10 horas (punto 7.2.d do PPT)
1	ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS	74.852,00	si-1	si-1	si-10

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

A Mesa comproba que a oferta presentada polo licitador non contén valores anormais e acorda, en aplicación do disposto na cláusula 16.3 do PCAP ("As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas anormalmente baixas de acordo co establecido na cláusula 18 deste prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula") outorgarlle a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 12:07	Páxina 4 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A447-CBAHEC-EBEF8H-8358RA-CXTUBC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



	Licitador	Prezo sen IVE	Impartición de actividades compl. de carácter mensual dentro do horario lectivo (punto 7.2.b do PPT)	Impartición de actividades extraesc. men suais fóra do horario lectivo (punto 7.2.b do PPT)	Impartición de cursos anuais específicos de formación de persoal, de duración igual ou maior de 10 horas (punto 7.2.d do PPT)
1	ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS	49 puntos	5 puntos	8 puntos	3 puntos
<b>Total</b>					<b>65 puntos</b>

Tendo en conta a puntuación outorgada a este licitador pola súa proposición avaliable mediante xuízo de valor, a puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS	33,25 puntos	65 puntos	98,25 puntos

**9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto mixto para a contratación do servizo de reparacións da flota de vehículos, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións, do Concello de Vigo (lote 1 e lote 2) (13.218-445)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais e o xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 20 de febreiro de 2020 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

**10.- Propostas de clasificación/clasificación**

**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo necesario para o mantemento e soporte de aplicacións propiedade do Concello (2020-2025) (8.952-113)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 12:07	Páxina 5 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A447-CBAHEC-EBEF8H-8358RA-CXTUBC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo necesario para o mantemento e soporte de aplicacións propiedade do Concello (2020-2025) (8.952-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	IMATIA INNOVATION, S.L.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMATIA INNOVATION, S.L. (B-36.499.960), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**b) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do Programa Municipal de Educación Básica de persoas adultas (23.910-332)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do Programa Municipal de Educación Básica de persoas adultas (23.910-332) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS	98,25 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS (G-36.657.336), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**d) Procedemento aberto mixto para a contratación do servizo de reparacións da flota de vehículos, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións, do Concello de Vigo (lote 1 e lote 2) (13.218-445)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 12:07	Páxina 6 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A447-CBAHEC-EBEF8H-8358RA-CXTUBC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto para a contratación do servizo de reparacións da flota de vehículos, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións, do Concello de Vigo (lote 1 e lote 2) (13.218-445) na seguinte orde descendente:

Lote 1: “Camións, autobuses e maquinaria”:

Licitador	Puntuación total
1. TALLERES GARCÍA BARREIRO S.L.	98,00

Lote 2: “Motocicletas”:

Licitadores	Puntuación total
1. ÁNGEL LEIRÓS MOTOS S.L.	94,00
2. GRUPO ELGONSA S.L.	54,03

Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, TALLERES GARCÍA BARREIRO S.L. (B-36.781.730) (lote 1) e ÁNGEL LEIRÓS MOTOS S.L. (B-36.637.593) (lote 2), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

## 11.- Propostas de adxudicación

### a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuito Runrunvigo (19.219-333)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

## LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 12:07	Páxina 7 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A447-CBAHEC-EBEF8H-8358RA-CXTUBC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
  - Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
  - Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuito Runrunvigo (19.219-333)

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 27 de decembro de 2019 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro: Aprobar a contratación polo procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria da contratación para a prestación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuito RunRunVigo na cidade de Vigo.*

*Segundo: Aprobar o Prego de prescrición técnicas particulares coa regulación dos aspectos técnicos sobre a execución do servizo de de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuito RunRunVigo na cidade de Vigo, asinado polo xefe do servizo de deportes-Director deportivo, con data 12 de decembro de 2019.*

*Terceiro: Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, asinado pola Técnica de administración xeral con data 17 de decembro de 2019.*

*Cuarto: Autorizar o gasto polo importe máximo de 10.213,91€ sen iva, e un importe correspondente o iva (21%) de 2.144,92 € o cal totaliza un importe de 12.358,83 € con IVE (21%), co seguinte desglose do contrato por anualidades:*

Anualidades	Importe sen iva	IVE	Importe con IVE
2020	10.213,91 €	2.144,83 €	12.358,83 €
Totais	10.213,91 €	2.144,83 €	12.358,83 €

*Dito importe deberá ser aplicado con cargo os créditos do orzamento da concellería de Deportes na partida:*

3410	226.09.01	Organización de actividades deportivas
------	-----------	--

*Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

**Segundo.-** A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 6 de febreiro de 2020,





Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuito Runrunvigo (19.219-333) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación total</b>
1	CRONO CHIP S.L.	97
2	TEAM RELAY SL	66

*Segundo.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, CRONO CHIP S.L. (B-98.504.582), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a documentación esixida nas cláusulas 8 e 22.1 do PCAP, ao non estar inscrito nun rexistro de contratistas:*

1. Declaración de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Escritura de constitución.
3. Poder de representación e DNI do apoderado.
4. Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
5. Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo V.
6. Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.
7. Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11, conforme ao modelo incluído no Anexo VI”.

**Terceiro.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CRONO CHIP S.L., o día 17 de febreiro de 2020, que presenta a documentación requirida 20, 24 e 26 de febreiro, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 27 de febreiro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adjudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 12:07	Páxina 9 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A447-CBAHEC-EBEF8H-8358RA-CXTUBC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CRONO CHIP S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CRONO CHIP S.L., de conformidade cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e de fórmula de datas 27 de xaneiro e 3 de febreiro de 2020, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a CRONO CHIP S.L. (B-98.504.582) o procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuíto Runrunvigo (19.219-333) por un prezo total de 12.358,83 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.144,92 euros e coas seguintes condicións:*

a) *Propón unha porcentaxe de desconto único do 30% a aplicar ao prezo consignado no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP.*

b) *Propón unha porcentaxe de desconto do 15% a aplicar ao prezo máximo sinalado no apartado 5 do PPT do aluguer de chip desechable ou no reutilizable ás entidades organizadoras de cada unha das probas.*

c) *Propón os seguintes servizos complementarios:*

- Zona de control intermedio complementario en todas as probas*
- Monitor de seguimento de clasificacións na zona de chegada de cada proba cun tamaño mínimo de 55”*
- 5 Mailing masivos de promoción de carreiras pedestres ou eventos en vía pública a celebrar na cidade de Vigo organizados ou con participación municipal non incluídos no programa RunRunVigo*
- Ampliación prazo de inscrición de corredores ata 48h previas á celebración do evento*
- Enlace directo no entorno web da empresa ás principais redes sociais dos organizadores de cada unha das probas e do Concello de Vigo*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 12:07	Páxina 10 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A447-CBAHEC-EBEF8H-8358RA-CXTUBC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de papel de fotocopiadora e impresoras (6.403-241)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado aberto simplificado para a contratación do subministro de papel de fotocopiadora e impresoras (6.403-241)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 16 de xaneiro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“PRIMEIRO.- - Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, do subministro de papel de fotocopiadora de alta velocidade e impresoras.*

*Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de administración xeral en ausencia da xefa do Servizo de Contratación de data 7 de xaneiro de 2020.*

*Terceiro.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola técnica de administración xeral en ausencia da xefa do Servizo de Contratación e a xefa da Área de Réxime Interior de data 17 de decembro de 2019.*

*Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total de 22.000 € (vinte dous mil euros), que inclúe un IVE (21%) de 3.818,18€ € (tres mil oitocentos dezaioito con dezaioito céntimos), con cargo á aplicación orzamentaria 9206.2200002 “MATERIAL OFICINA”, segundo o seguinte detalle:*

2020: 21.000€

2021: 1.000€



**Quinto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

**Segundo.-** A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 13 de febreiro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de papel de fotocopiadora e impresoras (6.403-241) na seguinte orde descendente:

	<b>Licitador</b>	<b>% de desconto único dos prezos unitarios</b>
1	CARLINGAL, S.L.	12%
2	PAZ DISMAC, S.L.	11%
3	PAIPEL-OR, S.L	8%

**Segundo.-** Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, CARLINGAL, S.L. (B-32.170.961), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia:

- Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
- Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo V.
- Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC”.

**Terceiro.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CARLINGAL, S.L., o día 17 de febreiro de 2020, que presenta a documentación requirida 26 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 27 de febreiro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CARLINGAL, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CARLINGAL, S.L., de conformidade co acordo da Mesa de Contratación de data 13 de febreiro de 2020 polo que se ordenan as ofertas por orde decrecente aplicando o disposto no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a CARLINGAL, S.L. (B-32.170.961) o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de papel de fotocopiadora e impresoras (6.403-241) por un prezo total de 22.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.818,18 euros e cunha porcentaxe de desconto único do 12% a aplicar aos prezos unitarios relacionados no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:05 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 12:07	Páxina 13 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A447-CBAHEC-EBEF8H-8358RA-CXTUBC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		